

CAMPAÑA GALEGA  
POLA OBYECCION FISCAL  
AOS GASTOS MILITARES

20  
26

DESARMA GALIZA,  
DESARMA OS TEUS IMPOSTOS



# DESARMA GALIZA. POR UNHA VIDA LIBRE DE MILITARES.

Chega a primavera. Vexo eirugas procesionarias nos piñeiros: unha longa fileira de lepidópteros ensamblados, a cabeza de cada unha unida ao extremo do abdome da que a precede, puro gregarismo na procura de alimento. Que pasaría se unísemos a cabeza da primeira ao abdome da última, formando un círculo pechado? Comezarían a xirar indefinidamente até morrer de fame, ou de aborrecemento ou de tristura. Ou até que un cativo lles prendese lume.

Isto non é un programa, Tiqqun

Foi hai case noventa anos. A Lexión Cóndor desfilaba polas rúas do centro urbano de Vigo antes do seu retorno triunfal á Alemaña do III Reich. Era maio de 1939. A guerra civil había pouco que rematara. E, a seguir, a historia habería de se repetir aínda que en clave global.

Precisamente o 30 de maio deste ano Vigo será escenario dun novo desfile militar con motivo do Día das Forzas Armadas. Outra vez a guerra. De feito, entre un e outro momento, a guerra aparece como o elemento común en profundos períodos de crise, xa sexa de forma explícita ou como ameaza.

A fantasía bélica —esa maneira de disciplinar a través da propaganda, animada polas elites políticas— exerce un poder de atracción de enorme eficacia en termos de mobilización dos espíritos. Pero non é menos certo que a guerra ten outra dimensión, propiamente económica, que dota ao esforzo bélico dun sentido común compartido, capaz tamén de xerar amplos consensos entre os máis diversos sectores da poboación.

É así que a guerra aparece como un medio rápido á vez que acaído contra unha orde das cousas sen aparente solución. Remontar a crise é a consigna, ata o punto de que a economía de guerra está hoxe por todas partes. Representa o extractivismo que apunta a non poucos lugares do noso territorio, á reindustrialización de sectores produtivos estratéxicos, á universidade en canto fonte de coñecemento ou a determinadas capas sociais como peza principal da engrenaxe militar. E sempre coa colaboración público-privada por bandeira.

Formas de vida ameazadas a curto prazo por decisións de indubidable risco para todos. Porque a guerra acelera o tempo dos acontecementos, creando unha falsa ilusión de seguridade que se traduce, pola vía dos feitos, na aceptación acrítica de modelos sociais fundamentalmente insolidarios por desiguais. Por iso, o desfile do Día das Forzas Armadas en Vigo non escenifica unicamente a gravidade do momento presente, senón tamén o poder e os privilexios dos menos fronte ás necesidades dos máis. Neste sentido, podemos afirmar que a guerra representa, igual que hai noventa anos, unha foto fixa da inxustiza e das súas consecuencias.

Galiza, abril 2026



## [1] Que é a Obxección Fiscal ao Gasto Militar?

Unha campaña de desobediencia civil que consiste en desviar unha parte dos impostos -na declaración da renda- que se destinan a gasto militar a proxectos sociais que pulan por unha sociedade máis xusta e desmilitarizada.

## [2] Por que obxectar?

Facéndoa apoiamos a loita contra o militarismo ao tempo que amosamos o noso rexeitamento ao gasto militar en particular e ao militarismo en xeral mentres nos solidarizamos con colectivos anticapitalistas.

## [3] Como se fai?

Non aceptes o borrador de Facenda. No apartado "606" introduce a contía que queres desviar. Logo envía unha carta ao Ministerio de Facenda explicando a túa obxección xunto ao xustificante de ingreso da obxección.

## [4] Que cantidade teño que obxectar?

Cada quen decide o que quere/pode obxectar, desde un 1 €uro simbólico até... Ti decides.

## [5] A quen destinar os cartos desviados?

Cos cartos podemos apoiar a colectivos, movementos ou loitas transversais á antimilitarista Desde o Espazo Aberto Antimilitar propoñemos dous proxectos aos que desviar os cartos:

>**Campaña de apoio ás persoas sancionadas polas protestas durante a volta ciclista España:**  
máis de dúas ducias de persoas foron multadas na Galiza por esa acción de denuncia do xenocidio que o Estado de Israel está a cometer contra o pobo palestino.

>**Campaña galega de apoio á sanidade cubana:**  
a asociación de Amizade Galego-Cubana Francisco Villamil ten en marcha unha recollida fondos e material sanitario para enviar a Cuba contedores con axuda médica. Podes atopar o nº de conta para ingresos e máis información na páxina: [terrasenamos.org/campanhas](http://terrasenamos.org/campanhas)

**En 2026 o Estado Español vai gastar  
-cando menos- 80.000 millóns de euros  
en gastos militares e de control social**

Se tes dúbidas!

Consulta: [nonaogastomilitar.arkipelagos.net](http://nonaogastomilitar.arkipelagos.net)  
ou manda un email a: [espazoantimilitar@riseup.net](mailto:espazoantimilitar@riseup.net)